

# LA JOIA: BAD GYAL

David Camarero, 2024

# 1393

ESTREA EN NUMAX: 24.10.2024 | V.O. | 92 min

As interioridades do vertixinoso ascenso de Bad Gyal como icona xeracional. A cámara segue —de Barcelona a Miami, vía Santo Domingo, Las Vegas, Milán e París— os pasos da cantante de Vilassar de Mar no seu camiño á conquista do mainstream. A saída do seu primeiro disco, La Joia, pospúxose máis dun ano, obrigándoa a facer un exercicio de resiliencia dentro da industria e consigo mesma. Entre os primeiros beats e a época dos concertos de presentación, asistimos a rodaxes, fashion weeks, entrevistas, squats, ledicias, enfados, a presión das redes e o marketing en acción. Luces e sombras da viaxe emocional dunha diva descarada e consciente das trampas do negocio, loitando por manter o rumbo e pulirse como un diamante.

Este filme conta cunha tarifa especial de 9€ fixada pola produtora. As abonadas de NUMAX manterán o seu desconto habitual.



## Entrevista con Bad Gyal: «Quero ter a liberdade de bailar como queira bailar, expresarme como me quero expresar»

Por Nuala Phillips

**O teu crecemento foi unha carreira de fondo, non houbo un boom concreto.**

**Nalgún momento sentiches impaciencia?** O negocio da música ao final é un pouco facer, facer, facer e ser constante. Despois, o bo pasa. Aprendín que é moi importante non mirar ao lado. Cada persoa, cada artista, ten os seus procesos e as circunstancias danse dunha forma en cada caso. É absurdo compararse con ninguén.

**Que opinas da falsa modestia?** Eu creo que hoxe en día xa non abunda porque dá ata vergoña, non? Polo menos nos ambientes nos que me movo todo o mundo está moi orgulloso de estar onde está. Eu veño dunha familia onde nunca me faltou nada. Tiven moito amor na miña casa, unha boa educación e crecín feliz. Pero hai moita xente nesta industria que vén da merda, entón entendo moito esa posición de “I made it!”. Paréceme que é sensato dicir: “Pois fixen isto, que pasa?”.

**Nalgunha ocasión comentouse que quizais non tiñas tanta rúa como suxería o teu proxecto, que eras máis unha nena *pija* de Barcelona. Como te percibes ti?** A ver, é que son as dúas cousas. Ou sexa, eu a moita xente dígolles que eu son unha *pija*. É que o son, son *pija*! [risas]. En realidade, calquera que coñeza á miña familia sabe que non o somos nin de forma de pensar, nin de personalidade, nin de gustos. Os meus pais son moi *progres*, pero iso non quita que non me faltou nada: non pasei fame, non tiven que vender drogas. Se falamos dese tipo de rúa, non a teño. Pero doutra banda, considero que teño moita rúa no sentido de que aos 18 anos xa estaba fóra da miña casa facendo a miña vida. Traballei desde os 15 e busqueime o pan. Non recibín todo en bandexa de prata, son máis ben *espabilá*.

**Sentiches algunha vez que existen certos prexuízos cara a ti pola imaxe que proxectas?** No traballo, non. Pero é certo que a xente se sorprende coa miña personalidade. Son moi miña e moi pechada e non moita xente chega a coñecerme realmente. Moitas veces dinme: ‘Esperaba que foses máis arrogante ou máis chula. Es simpática, es normal, ou es tranquila...’. Quizais a imaxe que dou faime parecer unha tía moito máis, non sei, chula ou antipática. Hai xente que me chegou a dicir que dou medo ou infundo respecto. E mira, chula son, porque o son. Pero iso non quita que tamén poida ser empática, sensible, cariñosa e seguir sendo chula igual.

**Acabas de lanzar *La Joia* que, a pesar de todo o que conseguiches ata o de agora, é o teu primeiro disco. É unha mostra de que as cousas na industria funcionan xa doutra forma?** É unha mostra do momento no que eu me atopo. Empecei a facer o álbum cando me sentín preparada como compositora. Quería que o disco soase ao nivel da industria global e de todo o que puider aprender neste últimos tres anos nos que viaxei moitísimo a Miami e traballei cos mellores.

**As túas letras son moi gráficas. De onde sae esa inspiración?** Vén da música que escoitei, porque sempre me inspirou unha música moi gráfica, moi explícita, moi descritiva. E logo, obviamente, tamén, de experiencias da miña vida real. Eu son moi sexual en todos os aspectos, incluída a miña propia sexualidade. É algo importante para min. Entón é normal que cando me poño diante do micro, isto se reflecta. E logo hai unha parte moi importante da miña sexualidade que é comigo mesma. Quero ter a liberdade de bailar como queira bailar, expresarme como me quero expresar.